

Xóv. Dom.  
do 3 ó 6  
AGOSTO

✉ [amarteburela@gmail.com](mailto:amarteburela@gmail.com)  
 📌 [www.facebook.com/amarteburela](http://www.facebook.com/amarteburela)

### BASES.

**I.** Ao certame poderá presentarse calquera persoa ou colectivo cuxos integrantes superen a maioría de idade.

**II.** Ofertaranse **10 murais** coas seguintes dimensións: **5.90 m. x 2.10 m** para completar nun máximo de 4 días de traballo.

**III.** Dous dos murais serán reservados a artistas locais. Considerándose "local" calquera persoa que estea actualmente censada en calquera dos 16 concellos que compoñen a comarca da Mariña Lucense.

**IV.** A distribución dos murais realizarase unha vez elixidos os gañadores da convocatoria. O que non significa que sexan os gañadores do certame.

**V.** Os murais terán como **temática "o mundo do mar"**. E cada concursante poderá presentar un máximo de tres propostas.

**VI.** A técnica será libre, adaptándose en todo momento ás bases do certame. Cada participante comprometerase a realizar o traballo no tempo estimado e de acordo ás bases aquí estipuladas.

**VII.** As propostas enviaranse ao correo [amarteburela@gmail.com](mailto:amarteburela@gmail.com) xunto con:

- a. **Datos** do participante ou colectivo.
- b. **Fotopia DNI** de cada integrante que traballe na proposta.
- c. **Teléfono e correo electrónico** da persoa responsable da obra.
- d. **Título** da obra.

e. Certificado de **número de conta bancaria** no que realizar o ingreso no caso de resultar premiado.

f. **Proxecto** da proposta ou propostas (boceto, lista de materiais, tempo de execución, ou calquera dato que os artistas queiran aportar á organización). A data límite de entrega das propostas será o **1 de Xullo de 2017**.

**VIII.** As propostas seleccionadas comunicaranse o 12 de xullo de 2017 a cada participante por correo electrónico.

**IX.** As datas para realizar os murais serán os días **3, 4, 5 e 6 de Agosto de 2017** de 9h a 21h. ininterrompidamente agás o Domingo 6 que só estará permitido pintar ata as 18h.

Os participantes non están obrigados a utilizar os 4

días habilitados para a realización dos proxectos, máis a data de remate do proxecto non será anterior nin posterior ao Domingo 6 de agosto de 2017.

Feita a oportuna acta de baremación polo xurado, será tramitada para a realización do oportuno ingreso dos premios nas contas bancarias facilitadas á maior brevidade posible.

**X.** O xurado estará composto por 5 persoas: un integrante do concello e catro membros ilustres da comunidade das artes e a cultura a nivel nacional.

**XI.** Os participantes no certame quedan informados e autorizan que os datos persoais facilitados ao inscribirse no concurso, sen cuxa facilitación non se poderá participar no mesmo, incorporaranse a un ficheiro automatizado titularidade do Concello de Burela e serán tratados coa finalidade de desenvolver a súa participación no concurso.

Ante o non cumprimento das bases, o Concello de Burela queda facultado para rexeitar as obras dos participantes por non cumprir cos requisitos de participación.

A Organización recomenda aos participantes non deixar a inscrición para o último momento, debido aos posibles colapsos de rede que se puidesen producir ao coincidir un alto número de inscricións nos últimos días de prazo. A Organización non se responsabiliza das consecuencias derivadas deste feito, admitindo exclusivamente as inscricións realizadas a través do formulario oficial do concurso.

**XII.** A organización outorgará a cada participante o seguinte material: Pintura plástica (cores básicas), brochas, rodillos, pinceis, etc., ademais de **150 € para cada participante non premiado** ao final do certame.

**XIII.** Os premios serán:

- a. **1º Premio 2000 €**
- b. **2º Premio 1000 €**
- c. **3º Premio 500 €**
- d. **Premio mellor artista local: 300 €**

Estes premios estarán suxeitos á retención do IRPF que establece a lexislación vixente.

**XIV.** Os premios non poderán ser acumulativos, reembolsables nin intercambiáveis. O premio é único independentemente do número de autores da obra.

**XV.** Os premios poden quedar desertos se o xurado

así o decide. O fallo do xurado será inapelable.

**XVI.** A Organización do concurso resérvase o dereito de excluír todas aquelas obras cuxo contido sexa obsceno, violento, sexista, racista, homofóbico ou vulnere algún dereito fundamental da persoa.

**XVII.** Coa presentación do boceto a concurso os/as participantes garanten que non achegarán materiais que supoñan vulneración algunha dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial de terceiros, polo que liberan absolutamente ao Concello de Burela de toda responsabilidade derivada de calquera incumprimento de calquera norma ou infracción de dereitos de terceiros por parte dos/as participantes, asumindo estes/as a obriga de manter ao Concello de Burela libre de toda responsabilidade no devandito caso.

Os/as concursantes responsabilízanse de que non existan dereitos de terceiros, nin reclamación algunha por dereitos de imaxe das persoas que aparezan nelas, así como de que as obras presentadas non estean sometidas a reclamación legal algunha e se atopen dentro do establecido pola lei de propiedade intelectual, eximindo á Organización de calquera tipo de responsabilidade.

**XVIII.** Os/as participantes no concurso ceden ao Concello de Burela os dereitos de explotación das obras presentadas, incluíndo os dereitos de uso, difusión, distribución, exhibición, comunicación pública, divulgación e reprodución por Internet ou calquera outro medio audiovisual, mostra ou exhibición, das obras. Dita cesión realízase de forma gratuíta e non exclusiva, a nivel mundial.

A organización, así mesmo, resérvase o dereito de utilizar as obras seleccionadas e recibidas con fins promocionais e/ou de difusión, os cales se exercitarán sempre co recoñecemento da súa condición de autor, excepto manifestación en contra.

**XIX.** Calquera eventualidade imprevista xurdida en relación co desenvolvemento do I Certame de pintura mural do concello de Burela e non contemplada de forma expresa nestas bases será resolta de acordo co criterio da organización. Así mesmo, a organización non se fai responsable da mala ou nula recepción dos materiais.

**XX.** A participación neste Concurso supón a aceptación plena das súas bases.

### PREMIOS

- 1º **2.000 €**
- 2º **1.000 €**
- 3º **500 €**

Mellor artista local: **300 €**

Artistas non premiados: **150 €**



Porto de Burela.

Organiza:



Concello de Burela.

Colabora:

Portos  
de Galicia



DEPUTACIÓN DE LUGO